

NATACIÓN

La Voz
4/1/2010

Claudia Villar, Luis Suárez, Héctor García e Marcos García, con mínimas para Málaga

O Natación Ferrol Elinco organizou o pasado sábado unha toma de tempos patrocinada por Elecnaval de face ao Open de Málaga e os Autonómicos que hai por diante. Participaron 76 nadadores de diversos clubs galegos na cita de Caranza.

Entre as marcas máis destacadas estiveron as mínimas para o Open de Málaga de Claudia Villar nos 200 costas (2.18.64), Héctor García en 50 bolboreta (24.70), Luis Suárez en 100 libres (49.96) e de Marcos García en 100 bolboreta (52.14). O rexistro máis espectacular da xornada foi nos 50 braza, porque Marcos García (27.82) convértese no primeiro nadador galego en baixar dos 28 segundos.